



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 22 DE OUTUBRO DE 2020,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Decreto polo que se aproba o Plan de conservación do monumento natural O Souto da Retorta, no concello de Viveiro (provincia de Lugo).

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Acordo de autorización para a sinatura de 25 acordos de financiamento do Programa de rexeneración e renovación urbana e rural que se asinará no seo da Comisión Bilateral de Seguimento do Plan estatal de vivenda 2018-2021.

**CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE**

- Acordo polo que se aproba o Plan de rescate de persoas traballadoras autónomas e microempresas.

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de colaboración entre a Consellería de Sanidade e o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR) para a análise de biotoxinas dentro do control oficial de moluscos bivalvos, por importe de cento cincuenta mil euros (150.000€).

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Acordo polo que se autoriza a validación da omisión da preceptiva fiscalización previa do compromiso de gasto correspondente ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería do Medio Rural e a Universidade de Santiago de Compostela para a elaboración do Plan estratéxico da PAC (Política Agraria Común) en Galicia horizonte 2030, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao citado convenio.

### CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación, suxeito a regulación harmonizada, documentalmente simplificada, por procedemento aberto, tramitación ordinaria e sistema multicriterio, do "Servizo para vixilancia integral e control de accesos nas instalacións portuarias dependentes da E.P.E Portos de Galicia suxeitas á aplicación do código internacional para a protección dos buques e das instalacións portuarias (código PBIP)", por importe de licitación de tres millóns catrocentos trinta e nove mil seiscentos oitenta e cinco euros con dezaseis céntimos (3.439.685,16 €), IVE excluído, e un valor estimado de catro millóns cincocentos mil cincocentos corenta e nove euros con vinte e seis céntimos (4.500.549,26 €), IVE excluído.

### INFORMES

#### VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Informe sobre os proxectos identificados pola Xunta de Galicia para optar aos fondos europeos de reconstrución Next Generation.

#### CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Informe sobre a modificación do Plan de transporte público de Galicia para regular a implantación da Área de Transporte de Galicia.

#### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Resolución da convocatoria Traslaciona covid-19 sobre proxectos de investigación orientados á prevención, diagnóstico ou tratamento da enfermidade da covid-19

#### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre as actuacións de loita contra as pragas e enfermidades do castiñeiro no ano 2020: solta do parasitoide (*Torymus Sinensis*).



## O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PLAN DE CONSERVACIÓN DO MONUMENTO NATURAL DO SOUTO DA RETORTA QUE RECOLLE 24 MEDIDAS PARA EQUILIBRAR A CONSERVACIÓN E O USO PÚBLICO DESTA ESPAZO

- *O Consello da Xunta aprobou o Decreto polo que se aproba o Plan de conservación deste monumento natural, que establece seis obxectivos prioritarios*
- *O plan de conservación define tres tipos de prioridades para as actuacións propostas, polo que destacan como prioritarias o rareo de masa de eucaliptos e madeira morta e eliminación de especies exóticas invasoras, instalación de cartelaría sobre as especies botánicas e a realización dun documento topográfico do Souto da Retorta*
- *A difusión dos valores naturais que atesoura este lugar é unha das medidas para garantir a súa conservación, polo que se executará un programa de visitas interpretativas á poboación escolar do Concello de Viveiro*
- *O Monumento Natural do Souto da Retorta é un tesouro natural de Galicia situado á beira do río Landro, que marca o límite norte do espazo protexido e ten unha superficie de 3,18 hectáreas*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o Decreto polo que se regula o Plan de conservación do monumento natural do Souto da Retorta, elaborado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, co fin de garantir o equilibrio entre a protección e conservación deste espazo co seu uso público.

Así, o plan establece un total de 24 medidas para dar resposta a seis eixes prioritarios como: conservar os exemplares monumentais do eucalipto (OBX1) e a vexetación autóctona e os hábitats naturais e flora e fauna (OBX2), preservar a paisaxe e a conectividade ecolóxica (OBX3), ordenar os usos públicos de forma compatible coa conservación (OBX4) e mellorar o coñecemento científico sobre o monumento (OBX5), así como fomentar a sensibilización e implicación social (OBX6).

O Souto da Retorta é un dos 97 lugares protexidos que contan cunha figura de protección, zona de especial conservación, zona especial de protección de aves, parque natural, zonas húmidas, monumento natural- declarado mediante o Decreto 77/2000, do 25 de febreiro- e súmase ás 12 figuras de planificación de espazos naturais con protección, que xa foron aprobadas pola Xunta de Galicia, para compatibilizar a protección do medio natural co desenvolvemento social e económico das zonas protexidas.

Así, o plan de conservación identifica 24 actuacións con tres tipos de prioridades, entre as prioritarias destacan os traballos de rareo de masa de eucaliptos, a retirada de madeira morta e a eliminación de especies exóticas invasoras, como a mimosa, acacia

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

negra e *Tritonia x crocosmiiflora*, a instalación de cartelaría sobre as especies botánicas e a realización dun documento topográfico do Souto da Retorta, co obxectivo de coñecer e documentar o estado actual de conservación do monumento natural.

O Goberno galego defende que fomentar a sensibilización e implicación social é unha medida efectiva para garantir a conservación e a protección dos valores naturais. Nese sentido, proporase a execución dun programa de visitas interpretativas á poboación escolar do Concello de Viveiro, así como a celebración dun concurso de debuxo e fotografía, sobre os valores e a historia do Souto da Retorta, material que será obxecto dunha exposición.

Outras actuacións que se levarán a cabo nunha seguinte fase son o seguimento do estado sanitario dos eucaliptos monumentais, estudos da fauna presente no monumento natural, como a ra patilonga (*Rana iberica*), o caracol terrestre (*Elona quimperiana*), e a lagartixa da serra (*Iberolacerta monticola*).

Tamén se mellorará o firme e a sinalización dos sendeiros existentes, se instalarán novos paneis de información xeral e se fará unha análise de vulnerabilidade do espazo fronte ao cambio climático.

Asemade, defínense os usos prohibidos, aqueles que sexan susceptibles de causar prexuízo á integridade do lugar ou sobre o estado de conservación dos valores deste sitio. Nese sentido, quedan prohibidas as acampadas ou campamentos, as actividades de desmonte ou terrapléns, a vertedura de lixo e residuos, a colocación de carteis e anuncios publicitarios, agás os que teñan relación coa sinalización do monumento natural, e a modificación de canles públicas. Con carácter xeral, quedan prohibidas todas as accións que poidan supoñer a destrución ou alteración dos elementos do *Catálogo galego de árbores senlleiras* e dos hábitats de interese comunitario, así como do patrimonio xeolóxico e paisaxístico.

A aquelas persoas que cometan algún delito seralles aplicado o réxime sancionador establecido no título VI, das infraccións e sancións, da Lei orgánica 42/2007, do 13 de decembro, e con carácter complementario no capítulo II das infraccións e sancións da Lei 5/2019 do 2 de agosto.

**Valores do Souto da Retorta**

O Souto da Retorta está situado na parroquia de Chavín, no concello de Viveiro, ten unha superficie de 3,18 hectáreas e sitúase nas proximidades do río Landro. Caracterízase pola presenza dun rodal de eucaliptos de gran singularidade, pola súa lonxevidade e polas extraordinarias dimensións das súas árbores. Estes eucaliptos superan os cen anos, entre eles, destaca o exemplar denominado "O Avó" que acada unha altura de 61,8 m e un perímetro de 7,6 m. Tamén hai carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus Pyrenaica*, hábitat de interese comunitario.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

En canto á fauna, cómpre destacar que O Souto da Retorta é unha zona de alimentación para unha comunidade de quirópteros (mamíferos voadores), como o morcego común (*Pipistrellus pipistrellus*), de horta (*Eptesicus serotinus*), das ribeiras (*Myotis daubentonii*) e de ferradura pequeno (*Rhinolophus hipposideros*).

## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA OS CONVENIOS POR UN IMPORTE DE 2,6 MILLÓNS DE EUROS PARA EXECUTAR CASE 400 ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN EN 25 ÁREAS INTEGRAIS DE 17 CONCELLOS

- *Os investimentos da convocatoria de 2020 do programa Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural súmanse aos 17,5M€ de euros que estes 17 concellos xa teñen concedido ao abeiro de convocatorias anteriores*
- *Tras a sinatura dos correspondentes convenios, cada Administración local disporá dos fondos adxudicados para subvencionar actuacións como obras de rehabilitación en edificios e vivendas, traballos de mellora da eficiencia enerxética e sostibilidade en vivendas; así como obras de urbanización e reurbanización de espazos públicos*
- *Galicia conta con 69 áreas de rehabilitación declaradas nun total de 41 concellos e tres ARI supramunicipais -xestionadas directamente polo IGVS-: ARI dos Camiños de Santiago, ARI das Illas Atlánticas e ARI da Ribeira Sacra*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou na súa reunión desta mañá os convenios polos que se repartirá un importe de 2,6 millóns de euros para executar preto de 400 actuación de rehabilitación nun total de 25 Áreas de Rehabilitación Integral (ARI) localizadas en 17 concellos.

Trátase de incentivos ao abeiro da convocatoria de 2020 do Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan de vivenda 2018-2021, e para a repartición destes tiveronse en conta tres aspectos: o grao de execución de convenios anteriores, que a ARI se localizara nunha das sete grandes cidades e que existe unha Área Rexurbe declarada, como sucede no caso dos concellos de Mondoñedo e Ribadavia.

Así, os concellos da provincia da Coruña beneficiarios son: Betanzos, Corcubión, Ferrol, Noia, Rianxo e Santiago; da de Lugo, Lourenzá, Mondoñedo, Monforte de Lemos e Sober. No caso da provincia de Ourense, os concellos de Castro Caldelas, Ourense, Ribadavia e Vilar de Santos se beneficiaran desta liña de axudas e, por último, da provincia de Pontevedra, recibirán fondos os municipios de Pontevedra, Tui e Vigo.

As actuacións que poden realizar os concellos beneficiarios do reparto de fondos de 2020 son a execución conxunta de obras de rehabilitación en edificios e vivendas, incluídas as vivendas unifamiliares; tamén se poderán executar melloras da eficiencia enerxética e sostibilidade nas vivendas e de fomento da conservación, mellora da seguridade de utilización e de accesibilidade en vivendas.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

Así mesmo, os concellos poden sufragar cos ditos fondos públicos obras de urbanización e reurbanización de espazos públicos e os gastos de mantemento de equipamentos técnicos e oficinas de información e xestión municipais.

Por último, poden ser obxecto deste investimento a execución de obras de demolición e edificación de vivendas de nova construción, así como asumir o custo do realoxamento temporal de ocupantes da súa vivenda habitual, froito das actuacións que se realizan.

Unha vez que o Consello da Xunta da o visto e prace á sinatura de ambos convenios, seguindo o modelo elaborado polo Ministerio de Transportes Mobilidade e Axenda Urbana, aprobado no seo da Comisión Bilateral de Seguimento do Plan 2018-2021, serán os propios concellos os encargados de realizar a convocatoria de axudas para que os propietarios de vivendas e edificios de vivendas interesados poidan solicitálas.

**17 millóns de euros en execución**

Cómpre recordar que as 17 administracións locais que se beneficiaron dos fondos da convocatoria de 2020 teñen nestes momentos en vigor fondos doutras convocatorias anteriores, é dicir, están a executar actuacións correspondentes a acordos de anos anteriores. En concreto, os importes asignados aos ditos concellos ascende a 17,4 millóns de euros, para levar a cabo máis de 2.900 actuacións.

Por outra banda, tendo en conta as convocatorias desde 2015 do Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural, un total de 41 concellos galegos se beneficiaron nalgún momento de axudas ao abeiro deste programa, polo que se teñen mobilizado investimentos por un importe de 44.336.450,33 euros.

Na actualidade, en Galicia existen 69 áreas de rehabilitación declaradas en 41 concellos e tamén existen tres ARI supramunicipais -xestionadas directamente polo IGVS- como son a ARI dos Camiños de Santiago, a ARI das Illas Atlánticas e a ARI da Ribeira Sacra.

## A XUNTA ACTIVA UN PLAN DE RESCATE PARA AXUDAR A MANTER O EMPREGO DE 30.000 AUTÓNOMOS E 10.000 MICROEMPRESAS

- *A iniciativa, que se enmarca no Plan de reactivación económica, está dotado con 70 millóns de euros entre 2020 e 2021 e ten como principal obxectivo facer fronte ao actual contexto socioeconómico xerado pola covid-19*
- *Os autónomos que teñan recoñecida a prestación ordinaria ou extraordinaria por cese de actividade poderán optar a unha axuda de 1.200 euros, e de 2.000 euros no caso de que a actividade estivera paralizada durante, polo menos, seis meses ou especialmente paralizada, como é o caso do ocio nocturno*
- *O apoio, no caso das microempresas, é de 4.000 euros e está dirixido a aquelas firmas que desde a declaración do Estado de Alarma teñan o tivesen autorizado un Expediente de Regulación Temporal de Emprego (ERTE) pola covid-19*

O Consello da Xunta informou hoxe do Plan de rescate para persoas traballadoras autónomas e microempresas que activará a Consellería de Emprego e Igualdade nas próximas semanas co obxectivo de facer fronte ao actual contexto socioeconómico xerado pola covid-19. A iniciativa, dotada con 70 millóns de euros en dúas anualidades (2020-2021), e que se consensuará na Mesa do Autónomo e no seno do Diálogo Social, inclúe dúas liñas de apoios para contribuír ao mantemento do emprego e da actividade económica de 30.000 autónomos e de 10.000 microempresas. Do que se trata é de atender as necesidades máis urxentes dos autónomos e das microempresas máis afectadas pola pandemia.

A liña destinada a autónomos conta cun investimento de 30 millóns de euros. Os beneficiarios da axuda percibirán 1.200 euros, e 2.000 euros cando se trate de actividades que estiveran paralizadas durante alo menos seis meses ou especialmente suspendidas, como é o caso do ocio nocturno, un sector para o que a Xunta aprobou a semana pasada un Plan de recuperación dotado con 4,8 millóns de euros en axudas directas e unha liña de préstamos.

Os traballadores por conta propia que reciban o apoio deberán adquirir o compromiso de manter a actividade e o emprego durante tres meses. Poderán optar á axuda os autónomos que teñan recoñecida a prestación extraordinaria ou ordinaria por cese que non superen determinados rendementos netos (alleos á súa actividade como traballadores autónomos) na declaración do IRPF do ano anterior. Trátase dun apoio que complementa ao que concede o Estado por cese de actividade ao amparo do Real Decreto- Lei 30/2020, de 29 de setembro, de medidas sociais en defensa do emprego.

A Xunta investirá, doutra banda, 40 millóns de euros para microempresas ou traballadores autónomos con persoal contratado ao seu cargo que desde a declaración do Estado de Alarma teñan ou tivesen autorizado un Expediente de Regulación Temporal





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

de Emprego (ERTE) pola covid-19. Así mesmo, deberán ter declaradas perdas de, polo menos, o 50% respecto do mesmo período de 2019 (setembro 2019-setembro 2020). As empresas, pola súa banda, deberán adquirir o compromiso de manter a actividade económica e o emprego durante seis meses.

Excepcionalmente poderán tamén acollerse a esta medida as pemes que presenten unha actividade suspendida durante, polo menos, seis meses desde a declaración do Estado de Alarma ou especialmente paralizada, como é o caso dos negocios de ocio nocturno. Concederáse unha axuda de 4.000 euros que se abonará en dous prazos.

Ambas dúas liñas de axuda -autónomos e microempresas- serán compatibles entre si, polo que os beneficiarios poderán obter contías máximas de ata 6.000 euros, de ser o caso, e cumprir cos requisitos.

### Sectores máis afectados

As dúas liñas de axudas van dirixidas ás actividades económicas pertencentes aos sectores que se consideran como os máis afectados pola pandemia no Real Decreto-Lei 30/20, de 29 de setembro, de medidas sociais en defensa do emprego: artes gráficas e reprodución de soportes gravados; comercios ao retalho, salvo de vehículos de motor e motocicletas; transporte terrestre e por tubaxe; servizos de aloxamento; servizos de comidas e bebidas; actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical; actividades de axencias de viaxe, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con estes; actividades de creación, artísticas e espectáculos; e actividades deportivas, recreativas e de entretemento.

A nova realidade económica pon de manifesto que non só é importante dinamizar e tratar de que se poña en marcha o maior número de empresas posibles, senón que tamén é preciso deseñar mecanismos necesarios para que as compañías xa en marcha poidan sobrevivir, crecer e ampliar os seus mercados.

Os autónomos e microempresas son vitais para unha recuperación do emprego. De feito, o autoemprego constitúe unha vía eficaz para facilitar a incorporación ao mercado de traballo das persoas sen emprego. Galicia, tendo en conta o réxime especial do mar, sitúase á cabeza do Estado na importancia relativa dos seus autónomos no cómputo global de afiliados á Seguridade Social. É importante, por iso, que se poida ofrecer, neste novo contexto socioeconómico, as medidas necesarias para garantir o mantemento e o futuro dos autónomos, unha peza clave na economía galega.

A Xunta mantén un diálogo fluído cos autónomos e, por iso, adoptou desde o primeiro momento medidas encamiñadas a poñer a súa disposición a liquidez necesaria para facer fronte aos seus gastos e os apoios para facilitar a súa recuperación a través do Plan de reactivación económica. A Administración autonómica seguirá traballando da man



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

deste colectivo para continuar definindo as medidas que sexan máis necesarias neste novo contexto económico, tendo en conta a importancia de apostar pola dixitalización e a transformación dos negocios. A nova actuación tamén forma parte da nova Axenda de Emprego coa que o Goberno galego prevé mobilizar máis de 225 millóns de euros a través de 30 medidas que beneficiarán a máis de 65.000 persoas.

## SANIDADE INVISTE 150.000 EUROS PARA O CONTROL NA COMERCIALIZACIÓN DE BIVALVOS

- *Asina un acordo de colaboración co Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia para a análise de biotoxinas dentro do control oficial deste tipo de moluscos*
- *A duración deste acordo ten una vixencia de cinco anos*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá o acordo de colaboración entre a Consellería de Sanidade e o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar) pertencente á Consellería do Mar, para a análise de biotoxinas dentro do control oficial dos moluscos bivalvos. A duración deste acordo é de cinco anos e conta cun orzamento de 150.000 euros, a razón de 30.000 euros anuais.

Esta medida enmárcase dentro do Plan de control da cadea alimentaria en Galicia, polo que se establece unha programación no plan de mostraxe para verificar o cumprimento da normativa por parte dos operadores comerciais. Dentro desta programación considérase a recollida de 200 mostras anuais de moluscos bivalvos nos establecementos de manipulación (depuradoras de moluscos e centros de expedición fundamentalmente, pero tamén cocedeiros, conserveiras e comercios polo miúdo) para a análise de biotoxinas mariñas.

Unha vez recollidas as mostras, o laboratorio do Intecmar realiza as analíticas, para coñecer os niveis de biotoxinas. Este control oficial complementa o que a Consellería do Mar realiza nas zonas de produción de moluscos bivalvos vivos, co fin de asegurar un control de toda a cadea de comercialización, o que redunda nunha maior garantía para os consumidores.

Na execución das políticas comunitarias debe garantirse un nivel elevado de protección da vida e da saúde das persoas e para asegurar a inocuidade dos alimentos é necesario tomar en consideración todos os aspectos da cadea de produción alimentaria e entendela como un continuo dende a produción primaria ata a venda ou subministración de alimentos ao consumidor. O obxectivo principal das normas de hixiene xerais e específicas é garantir un elevado nivel de protección dos consumidores asegurando a inocuidade alimentaria.

**A XUNTA RENOVA A SÚA COLABORACIÓN COA USC PARA LOITAR E GARANTIR QUE A PRÓXIMA PAC TEÑA EN CONTA AS PARTICULARIDADES DE GALICIA**

- *O Consello da Xunta autorizou que a Consellería do Medio Rural e a Universidade de Santiago prorroguen un ano máis o convenio rubricado en 2019 para a elaboración do Plan estratéxico da PAC en Galicia no horizonte 2030*
- *Faise debido a que Bruxelas prolongou o prazo para que cada estado membro presente os seus respectivos plans estratéxicos, regulando un período transitorio no que seguirá outorgando axudas consonte o actual marco xurídico ata o final do 2022*
- *Ao abeiro do convenio, un grupo de traballo composto por máis de 20 persoas leva traballando dende outubro do ano pasado no Plan estratéxico da PAC que vai recoller a defensa de Galicia e as súas especificidades no eido agrario*

O Consello da Xunta vén de autorizar que a Consellería do Medio Rural e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) asinen unha addenda ao convenio de colaboración que rubricaron en 2019 para seguir elaborando o Plan estratéxico da PAC en Galicia no horizonte 2030. O obxectivo é prorrogar a vixencia do acordo un ano máis -deica o 31 de outubro de 2021- para garantir que a nosa comunidade teña unha participación activa nas diferentes fases do proceso de elaboración do Plan estratéxico nacional da PAC 2021-2027, que está coordinado en España polo Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación (MAPA).

Así, a medida tómase despois de que Bruxelas prolongase o prazo para que cada estado membro da Unión Europea presente os seus respectivos plans estratéxicos, regulando un período transitorio no que seguirá outorgando axudas consonte o actual marco xurídico ata o final do 2022.

Para poder elaborar esa estratexia nacional, cada comunidade enviará as súas liñas de acción que recollan a situación e obxectivos en cada rexión. Deste xeito, o Plan estratéxico para Galicia pretende ser un exercicio de reflexión estratéxica, no que se defina a visión da agricultura e do medio rural no futuro da nosa comunidade. Así, é preciso coñecer a situación de contexto do rural galego, elaborar unha análise DAFO, unha avaliación das necesidades e propoñer unha estratexia de intervención no medio rural galego.

Neste senso, e no marco deste convenio de colaboración, creouse un grupo de traballo multidisciplinar formado por profesionais da Consellería do Medio Rural e da USC, establecendo cinco subgrupos que agrupan os ámbitos relativos aos nove obxectivos da PAC para o próximo período 2021-2027, que xiran arredor da modernización do sector agrario, a través do fomento e a posta en común do coñecemento, da innovación e da dixitalización nas zonas agrarias e rurais. Deste xeito, búscase a viabilidade económica

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

das explotacións agrogandeiras desde unha perspectiva integral, apostando polo I+D+i neste sector estratéxico galego, co fin de mellorar a competitividade das granxas e conseguir unha renda digna para os profesionais que traballan no medio rural.

Ademais deste obxectivo xeral que persegue a Política Agraria Común, o grupo de traballo nado deste convenio tamén busca ser compatible con certos sectores e temas de especial relevancia en Galicia. Así, intégranse unha serie de iniciativas de gran peso para a comunidade galega como é o Plan estratéxico para o sector lácteo, a ordenación e a mobilización produtiva das terras agroforestais, o Plan forestal de Galicia, a Estratexia de dinamización económica, territorial e turística das comarcas vitivinícolas de Galicia e o Plan estratéxico galego de agricultura ecolóxica.

Neste sentido, dende Galicia apóstase por un único plan estratéxico por Estado que recolla as singularidades da nosa comunidade autónoma para así simplificar a tramitación e garantir a igualdade de oportunidades entre os beneficiarios. Así mesmo, a Consellería insiste na necesidade de que a nova PAC siga estando baseada en dous piares: as axudas directas e o desenvolvemento rural e de que continúe cunha dotación suficiente de orzamento.

Así as cousas, un grupo de traballo composto por máis de 20 persoas leva traballando dende outubro do ano pasado ao abeiro deste convenio, para elaborar o Plan estratéxico da PAC que vai recoller a defensa de Galicia e as súas especificidades no eido agrario. Con este plan, Galicia fornecerá o Ministerio de Agricultura de argumentos sólidos para que defenda en Europa as particularidades do noso territorio e lograr así unha PAC ben dotada orzamentariamente, no marco dunha negociación que favoreza a Galicia.

Nesa liña, a Xunta insta o Goberno central a que dea a batalla para evitar recortes nos fondos da PAC para o período 2021-2027, defendendo así os intereses dos agricultores, gandeiros e silvicultores galegos. Faino, ademais, por considerar que se trata dunha política clave tanto para garantir o abastecemento de alimentos sans e seguros á poboación europea, como para asegurar a sustentabilidade ambiental da actividade agrogandeira e forestal.



## PORTOS DE GALICIA LICITARÁ POR 4,1 MILLÓNS DE EUROS O SERVIZO DE VIXILANCIA E CONTROL DE ACCESOS DOS SEUS PEIRAOIS COMERCIAIS

- *O Consello da Xunta autorizou o inicio do expediente desta actuación derivada das directrices do código internacional de Protección de Buques e Instalacións Portuarias -PBIP-*
- *Este protocolo é de aplicación nos portos comerciais que reciben buques internacionais e que no caso dos de titularidade autonómica son Ribadeo, Burela, Celeiro, Cariño, Laxe, Brens-Cee, A Pobra do Caramiñal e Ribeira*
- *Nestes portos xa se veñen desenvolvendo medidas específicas do código e con esta actuación refórzase e promóvese unha maior seguridade das persoas e das mercadorías durante as tarefas de carga e descarga*

O Consello da Xunta autorizou o inicio do expediente de licitación do servizo de vixilancia e control de accesos aos peiraos comerciais de titularidade autonómica co obxectivo de dar cumprimento ás directrices do código internacional de Protección de Buques e Instalacións Portuarias (PBIP). Portos de Galicia sacará a concurso esta contratación por importe de 4,1 millóns de euros.

Este protocolo é de aplicación nos peiraos de carácter comercial que reciben buques internacionais e que no caso dos de titularidade autonómica son oito, en concreto, Ribadeo, Burela, Celeiro, Cariño, Laxe, Brens-Cee, A Pobra do Caramiñal e Ribeira. Nestes peiraos xa se veñen desenvolvendo medidas específicas do código e con esta actuación que aproba o Consello da Xunta refórzase e promóvese, atendendo ao código internacional, unha maior seguridade das persoas e das mercadorías durante as tarefas de carga e descarga de buques procedentes doutros países.

O obxecto do contrato é a prestación do servizo de vixilancia integral e control de accesos nas instalacións portuarias que, dependentes de Portos de Galicia, están suxeitas á aplicación do código internacional de seguridade xurdido a raíz dos atentados do 11 de setembro do 2001 en Estados Unidos.

A contratación deste servizo incluírá persoal de seguridade que realizará a vixilancia e identificación de persoas e vehículos que entren ao recinto durante as tarefas de carga e descarga dos barcos atracados nos peiraos comerciais. Ademais, instalaranse os elementos, equipamentos e sistemas de seguridade necesarios para o control, entre outros, o sistema de videovixilancia para a observación remota e permanente, gravación e almacenamento de imaxes.

Así mesmo implantarase unha plataforma de soporte da dixitalización dos procesos de xestión da seguridade que integrará o sistema de videovixilancia e o control de accesos e permitirá xestionar de forma automática os permisos segundo a lista de tripulantes



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

dos buques. Finalmente, o servizo comprende tamén o mantemento dos equipamentos e sistemas e a verificación de alarmas. A licitación, unha vez autorizada polo Consello da Xunta, publicárase no perfil do contratante de Portos de Galicia.

**A XUNTA IDENTIFICA 108 PROXECTOS COS QUE GALICIA PODERÍA OPTAR AOS FONDOS EUROPEOS DE RECONSTRUCCIÓN E QUE MOBILIZARÍAN MÁIS DE 9400M€**

- *Estas primeiras propostas, que se avaliaron hoxe na reunión do Consello da Xunta, serán trasladadas ao Goberno central aproveitando a celebración da Conferencia de Presidentes a próxima semana*
- *Baixo a premisa de que os fondos nacen co obxectivo de facer fronte á covid-19, Galicia presta especial atención ao ámbito sanitario, con iniciativas directamente vinculadas á saúde que suman 1034M€*
- *Enmarcadas no Polo para a Transformación de Galicia, hai catro eixes de actuación: 32 propostas diríxense á modernización do tecido produtivo; outras 33 ao fomento da mobilidade sostible e a transición ecolóxica; 27 ao deseño dunha Galicia máis cohesionada social e territorialmente e que se centra nas persoas; e 16 teñen como finalidade favorecer unha administración máis dinámica e dixital*
- *As mulleres, a mocidade e as persoas maiores estarán no centro desta estratexia para transformación de Galicia*
- *A Comisión Next Generation reunirse mañá co obxectivo de seguir traballando no desenvolvemento destas iniciativas e na identificación de novas propostas, para o que se terán en conta as achegas do tecido empresarial e do Comité de expertos, así como a busca de consensos no marco do diálogo social*
- *A Xunta agarda que o Goberno central aposte pola cogobernanza e a concorrència competitiva e fixe con claridade e transparencia os criterios para a selección dos proxectos que enviará a Europa*

A Xunta segue avanzando na identificación de proxectos que poidan optar aos fondos europeos de reconstrucción Next Generation. Tal e como se informou hoxe na reunión do Consello, Galicia conta xa con 108 iniciativas que poderían chegar a mobilizar máis de 9400M€ grazas á colaboración público-privada.

Tras unha análise e selección das propostas realizadas por cada unha das consellerías, e despois de avaliar as primeiras achegas do tecido empresarial e do Comité de expertos económicos, o Goberno galego está en disposición de levar estes proxectos á Conferencia de Presidentes que, en principio, se celebrará o vindeiro luns 26 de outubro.

Todas estas propostas enmárcanse no Polo para a Transformación de Galicia e cumpren tanto cos obxectivos marcados pola Unión Europea como polo que se coñece ata a data do Plan Nacional de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Estado.

Partindo de que os fondos europeos nacen para facer fronte á covid-19, os proxectos teñen unha especial sensibilidade co ámbito sociosanitario, promovendo a mellora dos equipamentos e facilitando a investigación sanitaria. De feito, 1034M€ destínanse directamente a iniciativas vinculadas á saúde.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Asumido este obxectivo, Galicia estrutura os seus proxectos en catro eixes que dan resposta aos retos económicos, sociais e medioambientais derivados da crise xerada pola pandemia.

O primeiro eixe –o da transición dixital– céntrase na modernización do tecido produtivo e prioriza a mellora das capacidade de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas; o impulso do crecemento e competitividade do tecido produtivo; a transición industrial, o emprendemento e talento; así como o desenvolvemento das potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo e un turismo sostible e de calidade. Neste eixo enmárcanse un total de 32 proxectos que poderían chegar a mobilizar ao redor de 4700M€.

O segundo eixo diríxese a promover a mobilidade sostible e a transición ecolóxica, a través de proxectos que afonden no impulso da mobilidade intelixente; o fomento de enerxías limpas; así como a aposta pola economía circular, azul e a bioeconomía. Son 33 as propostas que dan resposta a estes retos e que suporían a mobilización de 2700M€.

O terceiro eixo busca contar cunha Galicia máis cohesionada social e territorialmente, centrada nas persoas a través do reforzo do sistema de saúde, da educación inclusiva e de calidade, a formación, o benestar das familias coa mellora da accesibilidade á vivenda, o desenvolvemento de servizos e a potenciación da cultura. En definitiva, unha Galicia na que as mozas e mozos, as mulleres e as persoas maiores estarán no centro da transformación de Galicia. Hai 27 proxectos incluídos neste eixo que mobilizarían máis de 1300 millóns.

Por último, 16 proxectos terán como obxectivo lograr unha administración máis dinámica e dixital, traballando no eido da mellora da eficiencia enerxética e dos recursos das infraestruturas públicas e impulsando a administración dixital e áxil. Agárdase a mobilización de 614 millóns de euros

### Comisión Next Generation

Tras a identificación destes proxectos, a Xunta seguirá avanzando tanto no seu desenvolvemento como na busca de novas propostas da man do tecido empresarial, a través do diálogo social e tamén coa colaboración do comité de expertos. Neste sentido, mañá venres celebrarase unha nova reunión da Comisión Next Generation.

Galicia continuará traballando para deseñar os proxectos que mellor encaixen nos requisitos europeos e españois e que, á vez, dean unha resposta adaptada á realidade e ás necesidades da Comunidade. O obxectivo é conseguir os fondos precisos para impulsar a reforma do tecido produtivo a través da transformación económica e social de Galicia. Unha transformación que se asentará na creación de emprego de calidade, a



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

aposta pola transición enerxética xusta, a dixitalización das empresas e a atracción e retención de talento.

A Xunta de Galicia agarda que o Goberno central aposte pola cogobernanza, a concurrencia competitiva e fixe con claridade e transparencia os criterios para a selección dos proxectos que enviará a Europa. Por iso a Administración galega apela ao diálogo e á busca de consenso do Executivo central coas comunidades autónomas e todos os axentes económicos e sociais.



## A XUNTA INICIA O PROCEDIMENTO PARA ESTENDER AO CONXUNTO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA OS BENEFICIOS DO TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA

- *O Goberno galego someterá a información pública nas vindeiras semanas o proxecto da Área de Transporte de Galicia, co fin de aprobalo definitivamente no primeiro semestre do vindeiro ano*
- *O obxectivo é ofrecerlles aos cidadáns de todos os municipios galegos os descontos nos prezos dos billetes que xa se desfrutan actualmente nas Áreas de Transporte Metropolitano*
- *Os concellos interesados en adherirse á Área de Transporte de Galicia deberán asinar un convenio coa Xunta*
- *Activarase un sistema de tarifas polo que se cobrarán as viaxes en función da distancia entre os concellos de orixe e destino, con independencia das etapas necesarias*
- *O medio de pagamento será a tarxeta de Transporte Público de Galicia e o seu uso suporá unha bonificación de 0,50€ por viaxe, que será asumida nun 80% pola Xunta e no 20% polo correspondente concello*
- *Ademais, a Xunta financiará a totalidade do custo adicional dos transbordos intermunicipais efectuados en calquera concello de Galicia, ademais dos transbordos co autobús urbano das cidades adheridas*
- *Prevese un investimento anual no seu funcionamento de 10,3 M€, dos que a Xunta achegará 7,7 M€ e os concellos o importe restante*

O Consello da Xunta coñeceu hoxe o informe para regular a implantación da Área de Transporte de Galicia, paso co que se inicia o proceso para estender ao conxunto da comunidade os beneficios do transporte metropolitano.

A Área de Transporte de Galicia permitirá aplicar a calquera viaxe realizada nun autobús dependente da Xunta en todo o territorio da comunidade autónoma as vantaxes das actuais Áreas de Transporte Metropolitano da Coruña, Santiago, Ferrol, Lugo e Vigo. Desesta forma, os cidadáns de todos os municipios galegos contarán con descontos nos prezos dos billetes que xa se desfrutan actualmente nas áreas de transporte metropolitano que hai constituídas.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade someterá este documento a información pública nas vindeiras semanas. Este procedemento constará dun prazo dun mes para achegar suxestións, que serán analizadas para introducir as que sexan viables co fin de aprobar o documento definitivo no primeiro semestre de 2021.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Unha vez aprobado o documento, a Xunta asinará os convenios cos concellos interesados en adherirse á Área de Transporte de Galicia para incorporalos de xeito progresivo ata ter concluída a implantación en toda a comunidade.

O Goberno galego estima que o funcionamento da Área de Transporte de Galicia suporá un investimento anual de 10,3 millóns de euros, dos que a Xunta achegará 7,7 millóns de euros e os concellos financiarán o importe restante.

Este investimento posibilitará a bonificación de case 17,5 millóns de viaxes cada ano e preto de 2 millóns de transbordos.

### **Plan de Transporte Público de Galicia**

Esta iniciativa enmárcase no proceso de modernización do transporte público na nosa Comunidade impulsado pola Xunta a través do Plan de transporte público de Galicia. Este plan, que supón a reordenación de todas as liñas de autobús dependentes da Administración autonómica, estará culminado o vindeiro mes de xaneiro.

Os novos contratos prevén a progresiva incorporación aos autobuses dos sistemas de cobramento necesarios para o funcionamento das actuais tarxetas TMG e Xente Nova. Desesta forma, os usuarios poderán beneficiarse xa de descontos do 10% sobre o prezo do billete co uso da TMG e os menores de 21 anos poderán viaxar gratis empregando a tarxeta Xente Nova.

Estas medidas están xa en servizo nas liñas de autobús de toda a provincia de Ourense e da área de Pontevedra e íranse estendendo de forma progresiva ao resto do territorio.

Coa creación da Área de Transporte de Galicia, abordada hoxe no Consello, os concellos terán a oportunidade de colaborar para reforzar o alcance destas bonificacións adheríndose ao sistema, seguindo o esquema das actuais áreas de transporte metropolitano.

### **Sistema zonal e bonificacións**

A Área de Transporte de Galicia prevé a activación das mesmas tarifas para toda Galicia, ao pasar dun sistema tarifario baseado en saltos a outro que toma como referencia as distancias entre os núcleos principais dos concellos.

Os usuarios aboarán prezos fixados en función do rango no que se sitúe a distancia entre os termos municipais de orixe e destino da viaxe, sen terse en conta o número de etapas necesarias no traxecto. A Xunta financiará a totalidade do custo adicional que supoñen os transbordos intermunicipais efectuados en calquera concello de Galicia, ademais dos transbordos co autobús urbano das cidades adheridas.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O medio de pagamento será a Tarxeta do Transporte Público de Galicia e o seu uso suporá unha bonificación zonal de 0,50 euros no prezo de cada viaxe, que será asumida nun 80% pola Xunta e no restante 20% polo correspondente concello.

Esta bonificación sumarase ao desconto do 10% nas viaxes do que xa prevé aplicar a Xunta os usuarios da tarxeta TMG con independencia de que o concello estea adherido ou non, ao igual que a gratuidade para os menores de 21 anos.

De xeito adicional, os usuarios que efectúen no mes un determinado número de desprazamentos, cos mesmos termos municipais de orixe e destino, tamén sumarán unha bonificación por recorrencia.



## **SANIDADE DÁ A COÑECER OS PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN SELECCIONADOS NA CONVOCATORIA TRASLACIONA COVID-19 AOS QUE DESTINA MEDIO MILLÓN DE EUROS**

- *O programa, xestionado pola Axencia Galega de Coñecemento en Saúde, vai financiar 10 proxectos orientados á mellora do diagnóstico, prevención ou tratamento da covid-19*
- *Esta iniciativa é un paso máis do Sistema Público de Saúde de Galicia para aproveitar o coñecemento que nace coa crise sanitaria da covid-19 e para impulsar aqueles traballos que suporán avances neste eido*

O conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, informou esta mañá ao Consello da Xunta da resolución da convocatoria do programa Traslaciona Covid-19, cuxa finalidade é apoiar a investigación sanitaria co financiamento de proxectos, ideas ou iniciativas xurdidas dentro do Sistema Público de Saúde de Galicia e orientadas á prevención, diagnóstico ou tratamento da enfermidade da covid-19.

Nesta convocatoria de concorrencia competitiva, aberta para profesionais sanitarios, investigadores e grupos de investigación que desenvolven o seu labor no Sistema Público de Saúde galego, presentáronse un total 53 proxectos, todos eles de alta calidade científica. A Comisión de Selección elixiu 10 deles relacionados con áreas tales como desenvolvemento de terapias, a análise das consecuencias clínicas da enfermidade ou tecnoloxía de desinfección, entre outras. O total das axudas concedidas nesta convocatoria ascenden a 499.630 euros.

Os proxectos seleccionados son os seguintes:

- Ensaio clínico en fase II aleatorizado para avaliar a eficacia e a seguridade da inmunoterapia pasiva con plasma de doante curado.
- Epidemioloxía xenómica e monitoraxe en tempo real do SARS-CoV-2 en Galicia.
- Evolución clínica poshospitalización e secuelas pulmonares da pneumonía grave por SARS-CoV-2, co fin de levar a cabo un estudo ambispectivo dunha cohorte de pacientes dados de alta tras unha neumonía grave por SARS-CoV-2.
- Ensaio clínico fase III para avaliar a eficacia e seguridade de etanol inhalado.
- Estudo da variabilidade xenómica do SARS-CoV-2 no contexto da covid-19.
- Tecnoloxía de desinfección para reutilización de equipamentos de protección individual desbotables.
- SARS-CoV-2: modelo de infección para contribuír á predición da evolución da epidemia e a optimización das estratexias de saúde pública con novas técnicas diagnósticas e virus cultivables.
- Estudo para avaliar a influencia do tratamento con estatinas, incluíndo tipo e dose, sobre a covid-19.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Estado neurocognitivo tras a recuperación da covid-19.
- Influencia do ADN mitocondrial na infección polo SARS-CoV-2 e nos perfís clínicos da covid-19.

A finalidade desta convocatoria é aproveitar a experiencia recollida durante o estado de alarma co obxectivo de previr novos brotes, anticiparse a novos eventos adversos e contribuír a mellorar o diagnóstico e tratamento de pacientes infectados pola covid-19. Ademais, preténdese apoiar novos tratamentos ou terapias e desenvolver ferramentas rápidas e fiables que van máis aló do estado da técnica para a detección de portadores e persoas sintomáticas sospeitosas de infección pola covid-19, entre outras posibilidades.

O financiamento do programa Traslaciona Covid-19 foi posible grazas ás achegas de empresas e particulares destinadas á loita contra a covid-19, dentro da campaña "Botemos unha man!", coa que a Xunta de Galicia habilitou un servizo de doazóns, tanto de material como económicas, para que particulares ou empresas, poidan realizar as súas achegas na loita contra o coronavirus. Unha das finalidades deste mecenado é precisamente o apoio á investigación, aos achados científicos e ao desenvolvemento tecnolóxico, que son os responsables de importantes melloras da calidade de vida dos cidadáns.

Esta iniciativa é un paso máis do Sistema Público de Saúde de Galicia para aproveitar o coñecemento que nace coa crise sanitaria da covid-19 e para impulsar aqueles traballos que suporán avances neste eido.



## **GALICIA COMEZA A GAÑAR A BATALLA CONTRA A AVESPIÑA DO CASTIÑEIRO A TRAVÉS DA LOITA BIOLÓXICA AO CONSTATAR O ASENTAMENTO DO PARASITO TORYMUS NOS SOUTOS GALEGOS**

- *No ano 2021 a Xunta investirá máis de 2,2 millóns de euros, case un 3% máis do orzamento respecto do 2020, e soltará outros 1,6 millóns de individuos de torymus*
- *Dende o ano 2015, o Goberno galego investiu máis de 5,8 millóns de euros e a liberación de máis de 4,1 millóns do parasito *Torymus sinensis* por toda a xeografía galega, alcanzando nalgúns puntos ata o 44% de parasitación*
- *Este plan de acción está sendo un referente noutras comunidades autónomas e, incluso, noutros países*
- *A produción de castaña en Galicia estímase en 20 millóns de quilos, o que supón preto duns 50 millóns de euros unha vez comercializado o produto, unhas cifras que dan conta da importancia deste sector nas rendas dos galegos*

A Xunta segue apostando polo control biolóxico para loitar contra a avespiña do castiñeiro mediante soltas do *Torymus sinensis*, o parasito que xa se asentou nos soutos galegos. Así o avaliou hoxe o Goberno galego na súa xuntanza semanal mediante un informe da Consellería do Medio Rural sobre as accións de loita contra esta enfermidade do castiñeiro e os resultados que se están a constatar desde o inicio da loita biolóxica no 2015.

Neste sentido, cabe sinalar que, de modo xeral, as parasitacións obtidas acadan de media un 3% nas zonas de maior superficie de castiñeiros e, polo tanto, de produción de castañas (zonas de soutos do interior de Lugo e Ourense), o que garante o establecemento de poboacións estables do parasito. Con todo, nalgúns dos puntos analizados a parasitación chega ao 20% e, puntualmente, ao 44%. Tendo en conta estas cifras do asentamento do *Torymus*, conséntase que a Xunta comeza a gañar a batalla contra a avespiña do castiñeiro a través da loita biolóxica, mantendo as poboacións de avespiña por debaixo do limiar de danos nas plantas de castiñeiros para Galicia.

Así, dende o ano 2015 que se comezou con este sistema natural, liberáronse un total de 4,1 millóns de individuos deste parasito por toda a xeografía galega, o que supuxo un investimento da Xunta de máis de 5,8 millóns de euros. Arestora trátase do único método existente para loitar contra este organismo e, de feito, o resultado deste tipo de soltas amosa a efectividade desta medida, que está sendo un referente noutras comunidades autónomas e, incluso, noutros países.

Cabe lembrar que no plan de control deste ano 2020, a Consellería do Medio Rural procedeu á solta de case 1,6 millóns de parasito en 7.524 puntos de Galicia, cubrindo a totalidade dos dezanove distritos forestais. Estas soltas realizáronse en masas continuas



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

de castiñeiro, concentrando o número de individuos con respecto a anos anteriores para instalar poboacións estables que logo colonizarán o resto de masas.

Ademais, como novidade, colaborouse con diversas cooperativas agrarias para realizar soltas de xeito totalmente coordinado co sector en masas do seu interese, co fin de recuperar o seu valor potencial. Tamén se levou a cabo a realización de mangas, para o establecemento do *Torymus* nas zonas de gran valor produtivo. Cabe lembrar que a produción de castaña en Galicia, sobre todo en zonas de alta montaña, se estima en 20 millóns de quilos, o que supón preto duns 50 millóns de euros, unha vez comercializado o produto. De aí a importancia de seguir apostando por un método capaz de frear o avance e diminuír os danos que ocasiona a praga da avespiña nos castiñeiros.

Arestora estase coa recollida de bugallas para coñecer o grao de parasitación do *Torymus sinensis*, logo das soltas desta primavera. Este proceso consiste en seleccionar unha serie de puntos onde se realizaron as ditas liberacións do parasito, e que se localizan grazas ás coordenadas, co fin de recoller información valiosa para a loita contra a avespiña do castiñeiro, doenza que impide a frutificación da árbore.

Xa para o ano 2021, a Xunta prevé soltar outros 1,6 millóns de individuos de *Torymus sinensis*, o que suporá un orzamento de 2,2 millóns de euros, é dicir, case un 3% máis.